

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN GALLEGA DE JUGADORES ANÓNIMOS (AGAJA) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE TRATAMENTO DE ENFERMOS DE CONDUTAS ADICTIVAS E O SEU ENTORNO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Gallega de Jugadores Anónimos (AGAJA) formalizaron o 30.12.2024 o convenio arriba referido. Este convenio terá vixencia dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto colaborar no desenvolvemento do Programa de tratamento de enfermos de condutas aditivas e o seu entorno destinado a acadar unha mellora na calidade de vida tanto das persoas afectadas por adiccións sen substancia (ludopatía, compras compulsivas, adicción ás redes sociais,...), coma das súas contornas, ofrecendo servizos integrais que teñan en consideración á comunidade como motor de cambio, garantindo o acceso universal e a equidade.

As actividades que se desenvolven ao abeiro do programa son as seguintes:

1. Community Based-Rehabilitation (CBR). Esta intervención ten por obxectivo a mellora/adaptación das contornas ocupacionais comprometidas pola adicción. Para acadar o dito resultado, o equipo profesional desenvolve intervencións tanto a nivel grupal coma individual.
2. Assertive Community Treatment (ACT). Centrada na asertividade e na modificación de condutas, hábitos e rutinas a través de sesións psicoeducativas co obxectivo de obter un compromiso co proceso de rehabilitación psicosocial. Por iso, esta técnica ofrece unha asistencia tanto grupal coma individual simultaneamente cos diferentes profesionais sociosanitarios.

Que o convenio fundaméntase no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde é un organismo autónomo creado pola lei 1/1989, do 2 de xaneiro, e adscrito á Consellería de Sanidade, o cal ten atribuídas competencias específicas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no título VI da lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Así mesmo, segundo o Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a través da Subdirección Xeral de Atención á saúde mental e do Servizo de Atención á Saúde Mental e Integración Psicosocial e Trastorno Mental Grave, é a responsable da coordinación da rede de

servizos e recursos sociosanitarios vencellados ao coidado e a rehabilitación no trastorno mental grave

A actividade desenvolvida polo programa TRATAMENTO DE ENFERMOS DE CONDUCTAS ADICTIVAS E O SEU ENTORNO enmárcase dentro do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia 2011-2016, na liña estratéxica nº3: "*Prevención das adiccións sociais e conductas relacionadas*".

As adiccións sen substancia, como a ludopatía, as compras compulsivas ou a adicción ás redes sociais e videoxogos, presentan unha emerxencia exponencial que afecta transversalmente a diferentes perfís sociodemográficos, especialmente acentuado entre a mocidade, pola accesibilidade e normalización do uso de dispositivos dixitais.

O contexto de tratamento de adiccións comportamentais require tamén unha atención especial ás poboacións máis vulnerables, que inclúen as mulleres en situación de vulnerabilidade e as persoas migrantes. A intervención dirixida a estes colectivos non só aborda o tratamento das adiccións sen substancia, senón que tamén se centra na prevención e na sensibilización, co fin de identificar e mitigar os riscos de maneira temperá.

A Asociación Gallega de Jugadores Anónimos figura inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións de Pontevedra co número 2.302 e ocúpase de ofrecer atención especializada a persoas que padecen ludopatía e problemas derivados da adicción ao xogo, así como a realizar funcións de información, orientación e sensibilización ao conxunto da sociedade.

O Servizo Galego de Saúde considerou que AGAJA era a entidade idónea para a percepción desta axuda de carácter singular e excepcional por razóns de interese público, non sendo posible promover a concorrència pública dada a necesidade de facilitar nas condicións máis pertinentes posibles unha asistencia integral a persoas afectadas por ludopatía e trastornos asociados a adicción ao xogo ou as redes sociais.

A achega económica foi obxecto de concesión directa, xa que logo de ver o expresado anteriormente, a especificidade das características e da actividade referida, ligada á idea de colaboración cun fin de interese público facían imposible a efectividade do principio de concorrència na concesión da achega económica.

Por tal motivo, dado o interese público, social e humanitario das actividades obxecto do convenio asinado, e o seu carácter singular inherente á propia existencia da necesidade de asistencia integral a persoas afectadas pola ludopatía e trastornos asociados, non procedía a realización de convocatoria pública, de conformidade co previsto nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

O gasto subvencionado a través deste convenio ascendeu a un total de quince mil euros (15.000€), financiados con cargo a aplicación orzamentaria 5001.413A.481.21, co código de proxecto 2018 00005, consignada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Este orzamento provén da asignación tributaria do 0,7% do IRPF destinado á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

